



Concello de Meaño

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

LISTA PROVISIONAL DE ASPIRANTES ADMITIDOS E EXCLUÍDOS PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL AO ABEIRO DO PROXECTO “PRIMEIRA EXPERIENCIA PROFESIONAL” NOS CONCELLOS NA TITULACIÓNS DE ARQUITECTURA .

Expte: 374/2022

A vista de que a Xunta de Goberno Local da Deputación Provincial de Pontevedra, en sesión de data 27 de maio de 2022, aproba a relación de concellos seleccionados como entidades colaboradoras do proxecto “primeira experiencia profesional” nos concellos da provincia de Pontevedra 2022/2023, no marco do Plan de fomento da empregabilidade, publicada no BOP n.º 102, de data 30 de maio de 2022, e na que figura como Concello beneficiario o Concello de Meaño cunha subvención nos seguintes termos:

Cód expediente	CIF	Concello	N.º contratos	N.º prazas solicitadas	Nivel de estudos	Importe	Duración	Max. Anualidade 2022	Max. Anualidade 2023
2023032536	P3602700A	Meaño	2	1	Ciclo Medio de FP	900,00€/mes	1 ano máximo	5.400,00 €	5.400,00 €
				1	Licenciatura, grado ou diplomatura	1.300,00€/mes	1 ano máximo	7.800,00 €	7.800,00€

Segundo o disposto nas bases reguladoras para o proxecto “primeira experiencia profesional” nos concellos 2022/2023 no marco do programa plan de fomento da empregabilidade BOP nº 74 de 19 de abril de 2022 os traballadores/as deberan estar inscritos/as como demandantes ou en mellora de emprego no Servizo Público de Emprego e cumprir os requisitos esixidos para a formalización dun contrato formativo.

Tendo en conta, así mesmo, que ditas bases establecen de xeito taxado os requisitos dos/as aspirantes así como os criterios de selección dos/as aspirantes preseleccionados/as polo Servizo Público de Emprego, por Resolución desta Alcaldía foron aprobadas con data 02/06/2022 as bases do proceso





Concello de Meaño

selectivo.

Vista a preselección (nº de oferta 12-2022-6038) levada a cabo polo Servizo Público de Emprego, pola que foron remitidos candidatos ao Concello de Meaño, unicamente catro dos aspirantes preseleccionados polo Servizo Público de Emprego presentaron no rexistro municipal solicitude de participación no proceso selectivo, segundo o establecido nas bases e na comunicación que lles foi remitida mediante email dentro do prazo establecido entre a data de recepción da comunicación e o 10 de xuño de 2022, ás 14 horas.

Por canto antecede, esta Alcaldía nas competencias que ten atribuídas polo artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en concordancia co artigo 41.14 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e de acordo co establecido nas bases do proceso selectivo, **RESOLVE:**

1º Aprobar a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos en dito proceso selectivo, **ocupación Arquitecto:**

Aspirantes provisionalmente admitidos:

APELIDOS E NOME:

1. GRAÑA SANTOME, PATRICIA
2. BEA SOUTULLO, RIKA
3. DEZA MARTINEZ, TAMARA
4. GONZÁLEZ MARTINEZ, RAQUEL

Aspirantes provisionalmente excluídos e motivos

Non constan

2º Expoñer a lista dos aspirantes provisionalmente admitidos e excluídos no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello, concedendo un prazo de DOUS DÍAS HÁBILES, contados a partir do día seguinte a publicación das mesmas no Taboleiro de Edictos da Corporación e na web municipal, para que os aspirantes poidan emendar o defecto que motivou a súa exclusión ou a non inclusión expresa.

No caso de non se presentar alegación a esta lista provisional no prazo citado, a mesma pasará a ser lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos.





Concello de Meaño

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulgará que se lles recoñeza aos aspirantes o cumprimento dos requisitos esixidos. Cando da documentación a presentar unha vez superado o proceso selectivo se desprenda que non cumpren algún dos requisitos esixidos **para a formalización do contrato formativo**, os aspirantes decaerán en todos os seus dereitos que puideran derivarse da súa participación no procedemento.

3º Convocar aos membros do tribunal para a súa constitución e valoración dos méritos alegados polos aspirantes o vindeiro mércores día 22 de xuño de 2022 as 9:00 horas na casa do Concello de Meaño.

Manda e asina, en Meaño, o Sr. alcalde Carlos Vieitez Fernández, ante min a secretaria-interventora M^a Teresa Escudero Barral, que dou fe.

Documento asinado e datado dixitalmente.

